

Diario de Pontevedra

Galiciae

EDUCACIÓN INFANTIL

Colectivos sociais reclaman quitar o wifi das aulas para protexer a saúde

Etiquetas: niños, enfermedades, escuela, wifi, sociedad

29/09/2011

Máis de 250 colectivos sociais pediron onte retirar as instalacións wifi dos colexios españois ao longo deste curso escolar porque consideran que as ondas electromagnéticas que xeran poden danar a saúde de nenos, adolescentes e persoal docente. Como alternativa, propoñen instalar nas aulas conexións a internet por cable ou utilizando o cableado eléctrico xa existente.

“O wifi non é unha tecnoloxía segura, xa que repercute na saúde da poboación”, afirmou onte a directora da Organización para a Defensa da Saúde, Irina de la Flor, na presentación da campaña Escola sen Wifi. O seu argumento baséase en que numerosos científicos e organismos afirman que os campos electromagnéticos xerados por móbiles e wifis poden xerar na poboación distintas enfermidades, como o cancro.

“Existe unha gran preocupación social sobre as radiacións das antenas de telefonía móbil, pero case ninguén sabe que o wifi é ata máis perigoso porque temos estes dispositivos inalámbricos emitindo dentro das casas e os colexios aos que van os nenos. O resultado é que estes están a recibir unha sobreexposición continua a estas radiacións”, advertiu De la Flor.

LEXISLACIÓN

A xuízo do especialista en dereito ambiental Agustín Bocos, a lexislación en España sobre campos electromagnéticos é “insuficiente e obsoleta” e non protexe a saúde dos cidadáns. “A lexislación española establece os límites legais entre 450 microwatts por centímetro cadrado, para frecuencias de 900 megahertzios, e 900 microwatts por centímetro cadrado, para frecuencias de 1.800 megahertzios. No primeiro caso, é 4.500 veces máis do recomendado; e, no segundo, 9.000 veces máis; unha barbaridade E é un feito incontestable que cada vez hai máis persoas electrosensibles. Estamos como co tabaco hai dez ou quince anos”, engadiu o avogado. Neste contexto, alertaron do aumento de nenos expostos a esta radiación que pode estar a producir o programa de innovación educativa Escola 2.0, posto en marcha polo Ministerio de Educación hai xa dous anos, e dentro do que se contabilizaron un total de 27.041 aulas dixitais, aínda que actualmente é imposible saber en cantas a conexión é por wifi.

PAÍSES EUROPEOS

Os promotores argumentan que países como Francia, Inglaterra e Suecia xa están a dar pasos para eliminar a tecnoloxía wifi de lugares públicos. “España non debería quedar á cola neste asunto, porque sen dúbida traerá consecuencias de saúde pública moi serias nun futuro non

moi afastado”, afirmou de la Flor. A campaña busca que calquera poida participar nela achegando a súa firma na súa web –www.escuelassinwifi.org–, aínda que os organizadores tamén se puxeron en contacto cos partidos e queren presentar ao Congreso unha iniciativa lexislativa popular.

Versión en caché de <http://www.galiciae.com/nova/117920.html> de Google. Captura de pantalla: 30.12.11 04:07:11 GMT.

Miguel Soláns, médico de atención primaria: "Cada vez hai máis nenos hiperactivos, con déficits e alteracións do sono polas ondas electromagnéticas"

Etiquetas: [alteracións](#), [nenos](#), [ondas](#), [médico](#), [Soláns](#)

29/09/2011 - **Miguel Soláns**

A medida que pasan os anos nos centros de saúde notamos nos nenos un aumento de patoloxías posiblemente relacionadas coas ondas electromagnéticas, como hiperactividade, alteracións do sono ou déficit de atención. Aínda que de momento non se sabe con seguridade a causa-efecto entre estar exposto ás ondas e padecer estes trastornos, eu recomendaría suprimir os wifis dos colexios, sobre todo os de alta intensidade, como os Wimax, cambiándoos por cable.

É dicir, utilizar as novas tecnoloxías sen risco para a saúde, que é o que xa recomendan as directrices da Unión Europea. Porque nos nenos este problema cobra aínda máis importancia, dado que unha sobreexposición crónica a estas radiacións ten uns efectos acumulativos importantes e pode afectar o seu sistema nervioso, neurolóxico e inmunolóxico e todo o seu desenvolvemento.